



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade

Da moda á moda



Co financiamento de:



Da moda á moda

□ Tirando de dicionario:

moda (s.f.)

1. f. *Uso, modo ou costume que está en boga durante algún tempo, ou en determinado país.*
2. f. *Gusto colectivo e cambiante no relativo a pezas de vestir e complementos.*
3. f. *Conxunto da vestimenta e os adornos de moda.*

□ Tirando da moda (vestimenta) como impulso cara á igualdade ao longo do século XX:

- Vestidas de morado, verde e branco, as mulleres sufragistas inglesas conseguen o voto feminino a principios de século. Coas siglas GWM (Give Women Votes), que recollía, por unha banda, o *slogan* “*Dade o voto ás mulleres*”, e, por outro, as iniciais das cores que as representaban: *violet* (violeta), que simbolizaba a liberdade, *green* (verde), que simbolizaba a esperanza, e *white* (branco), como símbolo de pureza. Como eran conscientes de que naquela época a imaxe érao todo, optaron por unha moda delicada, tinguida desas cores. En 1928 estas loitadoras conseguen que a muller vote en igualdade de condicións que os homes, poñendo de manifesto que é posible ser competente e capaz sen necesidade de perder o estilo persoal nin renunciar á aparencia que cada cal desexe.
- Vestidas con saias curtas e cunha maquillaxe resaltada, as mulleres “*flappers*”, movemento das mulleres que xurdiu en Estados Unidos e foi seguido por moitas mozas en Europa, trasladaban a rebeldía ante as normas sociais. Fumaban, conducían automóbiles, falaban de liberdade sexual e asistían a locais clandestinos onde bailaban Charlestón con desenfreo.
- Vestidas como homes, as *garçonenes*, nos anos 20, que, aproveitando os aires que se respiraban en Europa, que viñan desde máis aló do océano (vivir ao estilo americano significaba máis benestar social, vivir mellor, comodidades e liberdades...), iniciaron transformacións que empezaron na forma de vestir: adeus cinturas perfiladas, e ola a traxes parecidos aos dos homes, rectilíneos, con gravata ou traxe de etiqueta, complementados por peiteados curtos. É o estilo *garçonne*, que reclamaba e esixía liberdade de expresión e un cambio dos costumes e da moral existentes. A muller estaba cansada de ser considerada un “*adorno*” do home, e adquire unha nova dimensión social. Ser *garçonne* é andar de forma natural, vestir roupa cómoda, poder fumar en público se se desexa, e poder opinar en faladoiros sobre temas que antes tiñan vetados, como a economía ou a política. Pero a intención non é ser como os homes, senón deixar de ser as súas escravas.

Non queren provocar, senón defender a igualdade cos homes no plano social.

- Coco Chanel (Gabrielle Bonheur) aparece neste contexto de “*axitación feminina*” dos alegres anos 20, a lembrada deseñadora francesa que revoluciona a alta costura durante os anos de entreguerras. Libera á muller da tiranía do corpiño, e traballa modelos de vestimenta que mesturan conceptos de home e muller, respondendo á tendencia feminina con ansias de liberdade. A súa achega á moda e os desexos imperiosos daquelas mulleres durante os anos 20 marcarían todo un momento na historia da sociedade do século XX. O seu “*petite robe noire*” segue sendo un fondo de armario símbolo da elegancia.

- “*Las Sinsombrero*”, intelectuais da Xeración do 27 que reclamaban o seu espazo nun mundo que non estaba pensado para elas. Mulleres ilustradas e comprometidas a nivel social e cultural, que se quitaron o *chapeu* como mostra de rebeldía e modernidade; valentes que desafiaron as tradicións para reclamar independencia, autonomía e formación igual á dos homes. Son coñecidas por ese nome porque un día nos anos 20 do pasado século, dous destas pensadoras, Maruja Mallo e Margarita Manso, pasearon pola Porta do Sol de Madrid con Salvador Dalí e García Lorca quitándose o *chapeu*, actitude transgresora que trataba de romper coas normas establecidas e encorsetadas, e, de forma metafórica, liberar ideas ao prescindir do complemento de moda que tapaba a cabeza (xesto ao que moitos viandantes responderon con insultos e mesmo lanzamento de pedras).
Aínda que esta efervescencia dos anos 20 veuse abaixo nos 30 pola Gran Depresión tras a caída da Bolsa de Nova York en outubro do 29 e o nacismo en Europa...a historia está chea de exemplos de como as mulleres reclamaron dereitos femininos a través da moda, transgrediendo os códigos de vestimenta supostos e impostos para cada xénero como forma de protesta e de alzar a voz pedindo igualdade.
Considérase que o acceso da muller ao uso do pantalón foi a primeira gran batalla gañada á desigualdade existente. Christine Bard, no seu ensaio “*A historia política do pantalón*”, reflicte como a incorporación do uso cotián desta peza de vestir polo colectivo feminino (prohibido por lei, nada menos), supuxo un desafío ao dominio masculino e un paso importante cara ao deporte e a saúde para as mulleres.

- Na década dos sesenta aparecen as “*swinging*” (sobre todo en Inglaterra), mulleres modernas, optimistas e hedonistas, que bailaban con minisaia, estampados psicodélicos e botas tipo “*gogó*” ao ritmo dos Beatles. É a época “*hippie*”, na que as mulleres dan grandes pasos na súa liberación. Caracterízase por poñer en cuestión os valores tradicionais, a guerra, os roles sexuais e de xénero, e reivindicar o exame das culturas e o retorno á natureza.

- Nos anos 70 aparecen movementos de mocidade que se identifican cun grupo e opóñense ao *status quo*, como as pandilleras xaponesas “*sukeban*”, que para iso vestíanse con uniformes escolares.

Hoxe en día, as mulleres (occidentais) visten como queren, estudan, acceden ao mercado laboral, e a normativa recoñécelles igualdade de dereitos e oportunidades...pero aínda queda moito camiño por percorrer para chegar á igualdade real.

E, neste punto, imos lembrar o título co que empezaba este artigo, e pasar da moda (vestimenta) á moda (estatística).

Tiremos outra vez de dicionario, quedándonos coas acepcións relacionadas con matemáticas e estatística.

moda	<i>4. Mat.</i> Valor que se repite con maior frecuencia dentro dun conxunto de datos estatísticos.
mediana	<i>4. Mat.</i> Valor central dunha serie de datos ordenados.
media	<i>12. Mat.</i> Valor comprendido entre o mínimo e o máximo dunha serie de magnitudes, que serve para representar o conxunto. A media pode ser aritmética ou xeométrica.

E agora pasamos directamente ao ámbito da igualdade e a súa normativa en España.

□ *Constitución Española (CE):*

No seu artigo 14 proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo, e no 9.2 consagra a obrigaón dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas.

□ *Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes:*

En 2007, as Cortes Xerais de España aprobaron a chamada Lei de Igualdade de Xénero, pola necesidade constatada de tratar normativamente un problema de desigualdade entre homes e mulleres que a sociedade, sen a intervención dos poderes públicos, non era capaz de combater.

Baseouse, principalmente, nos artigos 14 e 9 da CE xa mencionados. Elementos como paridade, non discriminación por sexo, igualdade de oportunidades, violencia de xénero ou conciliación da vida persoal, familiar e laboral foron conceptos que esta Lei introduciu hai xa 15 anos e que seguen de plena actualidade, porque aínda non se conseguiron os obxectivos que se establecían na súa exposición de motivos.

Un dos aspectos máis importantes sobre os que se centrou a Lei de Igualdade foi na desigualdade latente no ámbito das relacións laborais e o acceso ao emprego sufrida pola muller.

O pleno recoñecemento da igualdade formal ante a lei, a pesar de que foi un paso decisivo, resultou insuficiente. E continúa o desenvolvemento normativo para lograr os obxectivos establecidos.

Ímonos centrar na normativa que regula o Rexistro Salarial (recordemos, obrigatorio para todas as empresas, independentemente do número de persoas traballadoras):

- *Real Decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantir a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación*, que regula o rexistro salarial.
- *Real Decreto 902/2020, do 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes*, que insiste na importancia da igualdade salarial e o principio de transparencia.

Obxectivo da normativa:

Que as empresas (tal e como establece o artigo 28 do E.T.) paguen pola prestación dun traballo de igual valor a mesma retribución, satisfeita directa ou indirectamente, e calquera que sexa a natureza da mesma, salarial ou extrasalarial, sen que poida producirse discriminación algunha por razón de sexo en ningún dos elementos ou condicións daquela.

Para iso, establece a obriga para as empresas de contar cun rexistro salarial, un documento no que se fan constar todos os valores medios dos salarios do persoal dunha empresa, incluíndo, ademais do salario base, os complementos salariais e as percepcións extrasalariais, desagregados por sexo e distribuídos por grupos profesionais, categorías profesionais ou postos de traballo iguais ou de igual valor.

Todo o anterior infórmase nun documento que debe incluír (desagregado por sexos):

- Os valores medios do salario fixo (normalmente o salario base).
- Valores medios de complementos salariais (plus por antigüidade, plus por gardas, plus de nocturnidade, plus por quendas...)
- Valores medios das percepcións extrasalariais (dietas, quilometraxe...).

Ademais, hai que ter o elemento comparativo por categoría, grupo, posto traballo igual en función da xornada ou a hora traballada.

Así mesmo, **presentarase tamén desagregada por sexo a media aritmética e a mediana** do percibido por cada un destes conceptos para cada grupo e categoría profesional, nivel, posto ou calquera outro sistema de clasificación.

Esta información deberá, tamén, estar desagregada en atención á natureza da retribución, incluíndo salario base, complementos salariais e percepcións extrasalariais, especificando de modo diferenciado cada percepción, e, no caso de que a diferenza supere o 25% entre xéneros, a empresa debe xustificar o motivo (será legal sempre que sexa por unha razón xustificable, por exemplo, unha responsabilidade ou formación específica no mesmo posto, a antigüidade...).

Onde queremos chegar?

Pois queríamos aproveitar o título para aclarar unha confusión relativamente frecuente entre tres medidas de tendencia central (é dicir, que pretenden resumir nun único valor un conxunto de valores): a media, a mediana e a moda:

- **Media:** O valor que se obtén ao dividir a suma dun conglomerado de números entra a cantidade deles.
 - ⇒ Características: considera todas as puntuacións, o numerador da fórmula é a cantidade de valores, e cando hai puntuacións extremas non se obtén unha representación exacta da mostra.

- **Mediana:** É o valor que ocupa o lugar central dun conxunto de datos numéricos cando estes están ordenados de menor a maior.
 - ⇒ Características: a medida non depende dos valores das variables, só da súa orde, adoitan ser valores enteiros e pódese calcular, aínda que os números que se atopen arriba e abaixo non teñan límites.

- **Moda:** É o valor que máis se repite dentro dun conxunto de datos. Coñécese como bimodal cando existen dúas modas, multimodal cando se repiten máis de dous valores, amodal cando nun conglomerado de datos non se repiten valores, e moda adxacente cando dous valores continuos teñen a mesma cantidade de repeticións (neste caso sácase a media de ambos os dous).
 - ⇒ Características: Os valores que se presentan poden ser cuantitativos e cualitativos, e é unha mostra clara (pero non no contexto de análises retributivas con enfoque de xénero....)

A máis utilizada (en distintos contextos), polo seu grao de utilidade, é a media. Pero, como é a máis afectada polos valores extremos, cando nunha poboación preséntanse casos que contan con datos moi por arriba ou por baixo dos que presenta o resto do grupo, é recomendable (dependendo do que se queira observar) calcular a mediana.

Conclusión:

No rexistro salarial non se contempla o cálculo da moda.

Pero aproveitamos o título do artigo para, ademais de aclarar unha dúbida relativamente frecuente, dar un pequeno paseo pola evolución da igualdade entre mulleres e homes a través da vestimenta, e lembrar a nosa normativa sobre a materia (que nunca vén mal...). Tres nun.

Esperamos que resulte interesante...e, sobre todo, útil.